



Zeltia Burgos Tortosa, Zeltia Burgos Tortosa, Secretaria Nacional da CIG-Autonomía, con domicilio aos efectos de notificación en Rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 10, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña, dirección de correo electrónico: autonomica@cigadmon.gal.

José Emilio Doforno Guzmán, Coordinador Xeral do Sector da Administración Autónoma da FSC de CCOO de Galicia, con DNI nº 34.935.831G, con enderezo a efectos de notificación no Edificio Sindical de CCOO sito na Rúa Miguel Ferro Caaveiro 8 C, 1ª planta, San Lázaro (15703 Santiago de Compostela) e correo electrónico emiliodoforno@galicia.ccoo.es,

Jose Francisco Sanchez-Brunete, Secretario de Organización e Negociación de Autonomía de CSIF, con enderezo a efectos de notificación Rúa do Valiño 65 Baixo, Santiago de Compostela, e correo electrónico galicia@csif.es

Lino Díaz Goás, Secretario do Sector de Autonomía da FeSP-UGT de Galicia, con domicilio a efectos de notificación no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, en San Caetano s/n, Local Sindical de UGT, con dirección de correo electrónico sindicato-uxt@xunta.gal, en representación da FeSP-UGT,

EXPOÑEN os seguintes feitos:

1. O Comité de Seguridade e Saúde da Consellería de Cultura e Turismo leva sen convocarse dende xaneiro de 2018. Os representantes da Administración que forman parte deste comité son José Manuel González Sanmartín, Xefe de Servizo de Persoal da Consellería de Cultura; Cristina Fabeiro Varela, Subd. Xeral de Xestión e Coord. Cultural; e os responsables do Servizo de Coordinación da Área Cultura de cada unha das catro provincias ademais dos representantes das organizacións sindicais de CCOO, UGT, CIG e CSIF.

2. O ámbito de aplicación do Comité de Seguridade e Saúde da Consellería de Cultura e Turismo se encontran os Arquivos, Bibliotecas e Museos:

- | | |
|---|---|
| 1. ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. A Coruña | 5. BIBLIOTECA DA CORUÑA |
| 2. ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO | 6. BIBLIOTECA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| 3. ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE | 7. BIBLIOTECA LUGO |
| 4. ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA | 8. BIBLIOTECA OURENSE |
| | 9. BIBLIOTECA DE PONTEVEDRA |
| | 10. BIBLIOTECA VIGO |

11. CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (CGAC). Santiago
12. MONUMENTOS (POBOADO CEBREIRO)
13. MONUMENTOS (POBOADO STA. TEGRA)
14. MONUMENTOS (STA. EULALIA BÓVEDA)
15. MUSEO CASTRO DE VILADONGA (LUGO)

16. MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS.
Santiago

17. MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA
18. MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA
19. MUSEO MASSÓ de Bueu
20. MUSEO Arqueolóxico provincial de OURENSE
21. Museo do Viño. Rivadavia
22. Centro Dramático Galego

3. ámbito de aplicación do Comité de Seguridade e Saúde da Consellería de Economía Emprego e Industria.

- Oficinas do Servizo Público de Emprego

4. ámbito de aplicación do Comité de Seguridade e Saúde da Consellería de Medio Rural.

- Oficinas Agrarias Comarcais

5. Cultura e Turismo se encontran os Arquivos, Bibliotecas e Museos:

6. No DOG do 9 de maio publicouse a Resolución do 8 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade do *Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de maio de 2020, polo que se aproba o Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19.*

7. No parágrafo terceiro do punto 2 (Ámbito de aplicación) o citado Protocolo establece: *"En todo caso, sen prexuízo das medidas de carácter xeral establecidas neste protocolo, que resultan de aplicación a todo o persoal empregado público, e dentro deste marco de referencia, poderanse aprobar outros protocolos ou instrucións específicas de adaptación para determinados colectivos ou áreas de actividade, en atención ás súas peculiaridades e co obxecto de evitar ou minimizar o risco de infección."*

8. O punto 3. Planificación da reincorporación ao posto de traballo establece: *"Mediante o presente protocolo establécese o procedemento de posta en marcha da reincorporación ao traballo presencial dos empregados públicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.*

9. Este protocolo establece que a incorporación do persoal se fará de xeito escalonado en 3 fases, mais a fase coas actuacións preliminares: "As actuacións preliminares, previas por tanto á reincorporación ao traballo presencial, iniciaranse o 11 de maio de 2020, con una semana de duración como mínimo, na que se establecerán as actuacións necesarias para a súa posta en práctica, nas cales se preparará o retorno dos traballadores, con atención a unha serie de parámetros, coa finalidade de adecuar as distintas fases da súa incorporación efectiva á implantación das **medidas preventivas necesarias para garantir a protección da súa saúde.**"
10. "Unha vez rematadas as actuacións preliminares e cumpridas as medidas preventivas esixidas, acordarase a reincorporación efectiva do persoal, dando conta ao Consello da Xunta de Galicia. Nesta primeira fase, a reincorporación realizarase con atención ás seguintes prioridades:
- Primeira: continuará a prestar o seu traballo presencial o persoal declarado esencial polo Acordo do Cecop do 15 de marzo de 2020 e o que se determine en cada centro directivo en atención ás necesidades do servizo debidamente xustificadas.
 - Segunda: o persoal que ocupe o posto de traballo de xefe/a de servizo ou equivalente ou, na súa falta, o responsable orgánico da unidade administrativa.
 - Terceira: o persoal cuxas funcións non poden ser prestadas en réxime de teletraballo, sempre e cando se garantan as condicións de protección e seguridade esixidas e, nomeadamente, a distancia mínima de seguridade de 2 metros. De non darse estas garantías, non se procederá á súa incorporación."
11. O día 29 de abril as Organizacións Sindicais asinantes presentamos ante a Consellería de Cultura e Turismo as alegacións ao PROTOCOLO DE ACTUACION PARA ARCHIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS, DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO, DIANTE DA REINCORPORACIÓN PRESENCIAL DO PERSOAL AOS POSTOS DE TRABAJO
12. Ata o mércores día 11 de maio as 15:00h non se recibiu o Borrador do ***PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECE O REINICIO DA ACTIVIDADE PRESENCIAL DOS ARCHIVOS, MUSEOS E BIBLIOTECAS DE XESTIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E SE ESTABLECEN MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE AO COVID-19***, o que ven sendo un resumo telegráfico de algúns parágrafos dos BOEs..... (os menos relevantes) que establece a incorporación do persoal destes centros. Dando de prazo as OO.SS. ata o xoves 14 de maio para presentar alegacións correspondentes.
13. O persoal tanto dos Arquivos, Bibliotecas e Museos recibiron a comunicación de incorporación de todo o persoal e xornada habitual o luns día 18 de maio por parte das

un dos centros. Sen que de momento se haxa aprobado e publicado ningún protocolo específico de reincorporación do persoal dos centros da Consellería

14. O venres as 23:00 non se tiña mais noticias do protocolo dos centros de Cultura, nin resposta por parte da Consellería si aceptaba ou non as alegacións presentadas no pouco marxe que deu. Se descoñecía que medidas, ou si aplicarían algunha medida de prevención ante o contaxio

15. Os delegados integrantes do Comité de Saúde laboral non recibiron ningunha convocatoria de reunión do comité nin ningunha información en relación as medidas de protección para evitar o contaxio do Covid-19 a aplicar, nin en que condicións se incorporará o persoal

16. Os centros de cultura reciben as persoas usuarias para visitar as exposicións como nos Museos, facer prestamos de material bibliográfico o realizar devolucións, consultas bibliográficas, nas Bibliotecas ; consultas do material cartográfico, ou documentos históricos no Arquivos . Isto pode supoñer un alto volume de usuarios utilizando os servizos dos centros.

17. O domingo 9 de maio publicáronse os BOEs coas:

- *“Orden SND/388/2020, de 3 de mayo, por la que se establecen las condiciones para la apertura al público de determinados comercios y servicios, y la apertura de archivos, así como para la práctica del deporte profesional y federado. (CAPÍTULO IV: Condiciones para la apertura al público, realización de actividades y prestación de servicios en los archivos, de cualquier titularidad y gestión)”*
- *“Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad. (CAPÍTULO VIII: Condiciones para la reapertura al público de las bibliotecas; y CAPÍTULO IX: Condiciones para la apertura al público de los museos)”*

18. Dende a Consellería non se informou de :

- Si antes da incorporación do persoal e reapertura do publico se procedeu á limpeza e desinfección das instalacións, mobiliario, e equipos de traballo.
- Si se instalou dispensadores de xel hidroalcolico ou desinfectantes virucidas nos puntos de acceso.

coñecemento de que exista algún centro no que se instalasen as pantallas protectoras, mamparas ou paneis de protección .

- Non se tivo en conta as características de distribución dos centros, e os espazos que de estar incorporado todo o persoal do departamento e imposible garantir a distancia de seguridade, como por exemplo o Arquivo do Reino de Coruña no dependencia de atención ao público, (con 4 traballadores en cada quenda) onde ademais se comparten ordenadores entre o persoal.
- Non se ten coñecemento que se tomaran as medidas necesarias para reforzar a limpeza dos centros tal e como se publica no artigo 6 da Orde 399/2020.
- Non se ten coñecemento que nos centros nos que se cobre entrada, fotocopias, ou material bibliográfico, etc., se estableceran as medidas e cambios necesarios para o pago con tarxeta u outros medios que no supoñan contacto físico entre dispositivos, para evitar na medida do posible, o manexo de diñeiro en efectivo.

19. A/O responsable dalgún centro informou verbalmente que ao persoal de atención ao público se instalarían camparas de protección e lles facilitaría máscaras cirúrxicas e luvas de nitrilo, mentres que noutros lles informaron que non se lles facilitaría ningunha protección. E que poderían levarlas eles pola súa conta.

20. Na semana de 4 de maio pasada as direccións consultaron ao persoal dos centros que era susceptible de solicitar a consideración de pertencer a **grupo vulnerable**, segundo o establecido no DOG número 74, do 17 de abril), aprobada polo Cecop na súa reunión do 14 de abril de 2020, mentres duren as medidas de contención do COVID-19.

Tal e como se indica na referida guía, o persoal que se inclúe como grupo vulnerable é o que presenta algunha das seguintes doenzas ou situacións persoais: enfermidade cardiovascular/HTA; diabetes, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia; cancro en tratamento activo, maiores de 60 anos ou embarazo.

Tense que ter en conta que o procedemento establecido non e mais que unha carreira de obstáculos para non dar dita consideración.

As/Os responsables dos distintos centros preguntaron a disposición do persoal, que cumprira os requisitos, de solicitar o recoñecemento de vulnerabilidade. O venres 15 de maio as 23:00 descoñecían resposta si ían tramitarlles a valoración ou non.

Por todo o exposto, **consideramos que queda demostrado, que :**

1. A orde de incorporación de todo o persoal dos centros de Cultura e Turismo non respecta as disposicións establecidas, actuando libremente ao resto de Consellerías e conculcando o Protocolo publicado no DOG do 9 de maio, do persoal, en canto a aplicación de medidas preventivas tomadas e aplicadas , e ao criterio incorporación progresiva.
2. Non se contestaron as alegacións presentadas polas OO.SS ao protocolo de reincorporación do persoal de cultura. Non houbo unha negociación real, nin de boa fe. Presentaron un borrador coa proposta de incorporación un martes para contestar o xoves. Ordenaron a incorporación do persoal nin tan sequera dar resposta ás organizacións sindicais da aceptación ou non das alegacións presentadas. No se ten coñecemento de como será finalmente dito protocolo
3. Non tiveron en conta o prexuízo do persoal ao comunicar con tan pouco marxe de tempo para organizar a conciliación e vida familiar. Non tiveron en conta que algúns traballadores viven en localidade distinta aos centros de traballo e se desprazan en transporte publico, e poden non ter boa comunicación de horarios pola situación actual.
4. Se incumpre coas medidas a aplicar establecidas nas Ordes publicadas nos BOEs SND/388/2020 do 3 de maio, e a Orde SND/399/2020 do 9 de maio;
5. Poñen en risco a saúde do persoal destes centros ao ordenar incorporase a todo o persoal de atención ao publico, e resto de dependencias, ao non ter aplicadas as medidas de prevención, adaptación dos postos que foran precisos, nin poder garantir as distancias mínimas. Tampouco teñen en conta as situacións de recoñecemento de vulnerabilidade do persoal que reúna os requisitos

Por elo SOLICITAN QUE:

Por parte da Inspección de Traballo se teña en conta todo o exposto, e que en tanto non se cumplan con todos os requisitos establecidos en

- Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade do *Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de maio de 2020, polo que se aproba o Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19. publicada no DOG do 9 de maio*
- *“Orden SND/388/2020, de 3 de mayo, por la que se establecen las condiciones para la apertura al público de determinados comercios y servicios, y la apertura de archivos, así como para la práctica del deporte profesional y federado. (CAPÍTULO IV: Condiciones para la apertura al público, realización de actividades y prestación de servicios en los archivos, de cualquier titularidad y gestión)”*

- *“Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad. (CAPÍTULO VIII: Condiciones para la reapertura al público de las bibliotecas; y CAPÍTULO IX: Condiciones para la apertura al público de los museos)*

Así como no resto de normativa legal e medidas de prevención da Seguridade e Saúde laboral aos traballadores se tomen as medidas necesaria para que se impida a reincorporación dos traballadores nin o reinicio das actividades do persoal dos centros de Cultura, das Oficinas do Servizo Público de Emprego e Oficinas Agrarias Comarcais

A Coruña , 18 de maio de 2020



Secretaria Nacional
CIG-Autonomica



Coordinador Sector Autonomico
CCOO de Galicia



Secretario de Organización
e Negociación Autonomica da CSIF



Secretario Sector de Autonomica
FeSP-UGT de Galicia

Dirección Territorial Inspección de Trabajo y Seguridad Social de Galicia
Organismo Estatal Inspección de Trabajo y Seguridad Social
Ministerio de Trabajo y Economía Social